

INTERACCIÓN ENTRE ALUMNADO

- Durante a estancia no centro educativo, o alumnado interactuará unicamente cos compañeir@s da súa aula, manténdose en todo momento os grupos estables de convivencia.
- Non se realizarán actividades entre grupos ou niveis diferentes.

HIXIENE E VENTILACIÓN

- Colocarase dispensadores de xel hidroalcohólico nos corredores, e nas entradas das distintas estancias do centro.
- Farase hixiene de mans con xel hidroalcohólico:
 - Ao entrar na aula.
 - Saídas e entradas ao recreo e comedor.
 - Saídas ao baño.
- E sempre que se considere necesario.
- Realizarase unha ventilación frecuente e controlada de todas as estancias do centro.
- O centro contará con reforzo de servizo de limpeza durante toda a xornada lectiva.


DISTRIBUCIÓN ESPACIAL

- Manteranse grupos estables de convivencia en espazos acoutados.
- O alumnado permanecerá nas aulas coa debida separación.

CAMBIOS NA DISTRIBUCIÓN HORARIA

- O recreo realizarase en dúas quendas diferenciadas para reducir a ratio no patio e evitar o contacto entre os distintos grupos de convivencia estables.
- Co mesmo propósito, haberá 2 quendas de comedor:

- **1ª Quenda** → Educación Infantil e 1º de Educación Primaria.
- **2ª Quenda** → De 2º a 6º de Educación Primaria.



GUÍA-RESUMO PLAN COVID-19

CEIP PLURILINGÜE
POETA AVELINO DÍAZ

MEIRA -- Curso 2020 / 2021

CONTACTO - INFORMACIÓN

Teléfono: 982 87 05 35 -- 982 87 05 36

ceip.meira@edu.xunta.es

web do centro

MEDIDAS PREVENTIVAS NA CASA

- Será obriga da familia a medición da temperatura e avaliación doutros síntomas compatibles coa COVID-19 (ver ANEXO I) de forma diaria, antes de que o nen@ acuda ao centro escolar.
- No caso de que se detectase sintomatoloxía compatible na casa, o alumn@ non acudirá ao centro e a familia contactará inmediatamente co centro de saúde e co centro.

MEDIDAS NO CENTRO

ENTRADAS E SAÍDAS

- O centro permanecerá coas portas do recinto pechadas. As portas abriñanse ás 9:10, unicamente para a entrada do alumnado. As familias permanecerán no exterior, agás na etapa de Educación Infantil, que poderá acceder 1 familiar por nen@.


- Rógase a máxima puntualidade posible, xa que as portas se pecharán ás 9:20. Despois desta hora deberán tocar o timbre na porta principal (P3).

- Unha vez dentro do recinto o alumnado será recibido e dirixido por un mestre de garda ao seu lugar na fila, e logo ás aulas correspondentes.

- O alumnado sairá pola mesma porta que entrou, excepto:

- Todo o alumnado transportado sairá pola porta peonil principal (P3)
- O alumnado de 5º e 6º sairá, despois do comedor, pola porta peonil principal (P3)
- O alumnado de 1º e E.I. que vai comer á casa, deberá saír e entrar para a última sesión pola P3.
- O alumnado de 2º a 6º que vai comer á casa sairá pola P3 ás 14:00 e xa non ten que volver ao centro (de outubro a maio).

Rutas de entrada/saída:



- P1** Porta grande da rúa Grupo Escolar, fronte ao parque infantil. Entrará o alumnado de E.I. non transportado. O familiar acompañante deberá colocarse noutra fila mantendo a distancia con outros nen@s.

- P2** Porta grande da rúa Federico González López, fronte á Escola Infantil. Entrará o alumnado de 1º e 2º de E.P. (transportado e non transportado); e tamén o alumnado transportado de E.I.

- P3** Porta peonil da rúa Federico González López, fronte á Escola Infantil. Entrará o alumnado de 3º e 4º de E.P. (transportado e non transportado).

- P4** Porta grande da rúa Federico González López, diante do pavillón. Entrará o alumnado de 5º e 6º de E.P. (transportado e non transportado).

USO DA MÁSCARA

- Todo o alumnado entrará ao centro coa máscara posta; e deberá traer outra de reposto nunha bolsa ou estoxo.

- Na etapa de E.P. o uso da máscara será OBRIGATORIO durante toda a xornada lectiva, en todos os espazos do centro, aínda que se cumpre coa distancia de seguridade.

- Na etapa de E.I. poderán quitala unha vez estean dentro da súa aula, despois da hixiene de mans; aínda que se recomenda o seu uso o máximo tempo posible.

- Tamén será de uso obrigatorio a máscara para todo o alumnado, o profesorado e persoal non docente, en TODAS AS ZONAS COMÚNS do centro (patio, corredores, baños, biblioteca...)

- Todos os usuarios do comedor poderán prescindir da máscara unha vez que accedan ao interior.